

III.- ORDENANZA FISCAL.

ORDENANZA FISCAL

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Artigo 1.- Fundamento e Natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade ca disposto nos artigos 15 ao 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vilaboa establece a taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, a que se refire o artigo 20.4.t) do citado Real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Vilaboa ou a medio de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público.

- a) Subministración ou abastecemento de auga potable.
- b) A realización ou execución de obras como a colocación e utilización de contadores e instalacións análogas e dereitos de enganche.
- c) En xeral calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.

2. Será obxecto da taxa, o subministro de auga potable para:

- a) Usos domésticos en domicilios particulares.
- b) Usos comerciais e industrias.
- c) Usos de obras.

3. Interpretaranse os usos da seguinte maneira:

- a) Usos domésticos en domicilios particulares: Enténdese por tales, tódalas aplicacións que se dan ao auga para atender as necesidades da vida e hixiene privada, como son: a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal doméstica.
- b) Usos comerciais e industriais: Enténdese por tales, os subministros prestados a calquera clase de comercio ou industria, actividades profesionais e redes interiores contra incendios. As concesións para estes usos levarán comprendida implicitamente outra concesión para os domésticos propios do establecemento ou vivenda en que exerza a

industria ou comercio. O usuario virá obrigado a independizar as instalacións, e colocar contadores independentes.

- c) Usos de obras: Enténdese por tales os subministros efectuados aos inmobles onde se realicen obras que teñan a consideración de maiores, permanecendo suxeito á tarifa sinalada en tanto non sexa obtida a correspondente licenza de primeira ocupación, apertura ou cambio de uso e sexa solicitado o referido cambio.
4. Non estarán suxeitos á taxa os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

- 1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.
- 2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substituídos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na Lei 58/2003 xeral tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais.

1.- Estarán exentos do pago da taxa os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado. O carácter desta exención é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude. O consumo rexistrado no excederá de 20 m cúbicos por período de facturación, e a exención é relativa as tarifas I e II.

2.- Os interesados que desexen solicitar a exención da cota da taxa, deberán presentar:

- a) Solicitude de concesión da exención.
- b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes do beneficio fiscal, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.
- c) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público.

d) Fotocopia do último recibo de pago da taxa polo servizo de abastecemento de auga.

e) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles...).

f) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante da exención non sexa da súa propiedade, deberá aportar ademais: Fotocopia do NIF do propietario do inmovible. Fotocopia do contrato de aluguer do documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante do beneficio fiscal.

3.- Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requiriranse ao interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

4.- Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos ao beneficiario fiscal.

5.- No caso de renovacións do beneficio fiscal, cando o réxime protector ao que este acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberase presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste artigo.

6.- O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese do beneficio fiscal con efectos no mesmo bimestre en que efectivamente se probe. No seu caso deberá facer unha nova solicitude con todos os documentos expresados no punto 2 deste artigo para a concesión do beneficio fiscal no novo domicilio.

Artigo 6.- Base Impoñible.

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de abastecemento de auga, en condicións técnico-sanitarias adecuadas.

Artigo 7.- Tarifas.

TARIFA I.- COTA POR DISPOÑIBILIDADE

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen as redes de subministración de auga potable.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Uso doméstico	10 euros/usuario/ mes
Uso comercial e industrial.....	15 euros/usuario/ mes
Uso de obras.....	20 euros/usuario/ mes

TARIFA II.- COTA DO CONSUMO.

Na percepción da taxa polo Concello ou, no seu caso, pola entidade concesionario do servizo seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

Uso doméstico:

De 0 a 20 m3	0,3610 euros/m3
Exceso de 20 ata 30 m3.....	0,4786 euros/m3
Ídem de 30 ata 40 m3.....	0,4864 euros/m3
Ídem de 40 ata 50 m3.....	0,7905 euros/m3
Ídem de 50 ata 70 m3.....	0,8040 euros/m3
Exceso de 70 m3.....	1,0515 euros/m3

Comercial e industrial:

De 0 a 30 m3.....	0,4674 euros/m3
Exceso de 30 ata 50 m3.....	0,6154 euros/m3
Ídem de 50 ata 70 m3.....	0,6254 euros/m3
Ídem de 70 ata 200 m3.....	1,06717 euros/m3
Ídem de 200 ata 500 m3	1,0854 euros/m3
Exceso de 500 m3.....	1,4195 euros/m3

Uso de obras:

De 0 a 30 m3.....	0,5193 euros/m3
Exceso de 30 ata 50 m3.....	0,6838 euros/m3
Ídem de 50 ata 70 m3.....	0,6949 euros/m3
Ídem de 70 ata 200 m3.....	1,1857 euros/m3
Ídem de 200 ata 500 m3	1,206 euros/m3
Exceso de 500 m3.....	1,5772 euros/m3

Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación da Tarifa II precedente, teranse en conta as seguintes normas:

CONSUMO MÍNIMO.

O consumo mínimo que se lles deberá facturar aos usuarios non poderá ser inferior a 20 m3/mes, 30 e 60 m3 segundo se trate de uso doméstico, comercial e industrial, ou de obra.

FORMA DO CÁLCULO DO CONSUMO.

Como norma xeral a determinación do consumo que realice cada usuario concretarase mediante diferenza entre a lectura do contador de medida de dous períodos consecutivos de facturación.

CONEXIÓN OBRIGATORIA ÁS REDES DE SUBMINISTRACIÓN E SANEAMENTO.-

1. As vivendas, industrias e locais comerciais que se atopen situados a menos de 100 m. das redes de administración de auga deberán conectar obrigatoriamente a cada unha delas, previa solicitude ó Concello ou entidade concesionaria do servicio.

2. Exceptúanse da obrigatoriedade de conectar á rede de administración de auga potable, segundo as condicións establecidas no parágrafo precedente, a todas as Comunidades de augas veciñais legalmente constituídas.

TARIFA III. EXECUCIÓN DE ORZAMENTOS DE ENGANCHE E PROLONGACIÓN DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO, CON CARGO AOS USUARIOS.

1. Para a execución dos proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios, que se incorporará o texto da Ordenanza Fiscal como anexo número 1.

2. Os cadros de prezos unitarios, anteriormente citados, inclúen as operacións correspondentes a mantemento, reparación e, no seu caso, substitución das acometidas, que serán a cargo do Concello, ou, no seu caso do concesionario do servizo.

3. O Concello ou o concesionario do servizo, naqueles casos en que a lonxitude da prolongación da rede afecte a varias fincas ademais de á do solicitante, repercutirá sobre os futuros usuarios que se vexan beneficiados por dita ampliación a parte proporcional do custo do proxecto. O Concello ou, no seu caso, o concesionario, distribuirán os ingresos obtidos entre os abonados que o fixesen efectivo anteriormente, que irán deste xeito resarcíndose das cantidades asumidas, a medida que se incorporen novos solicitantes de acometidas a este tramo.

4. A obriga do Concello ou do concesionario fronte ao primeiro solicitante dunha prolongación, e, de forma derivada, fronte a todos os demais que poidan incorporarse posteriormente, prescribirá aos cinco anos de efectuarse o pago desa primeira acometida.

5. O Concello ou entidade concesionaria terá plena liberdade, sen que resulte de aplicación o previsto nos anteriores parágrafos, para conectar a esta instalacións as acometidas xa existentes na zona ampliada.

TARIFA IV. AUTORIZACIÓN DE CONEXIÓN

Usos domésticos: 35 euros. Outros usos: 70 euros.

Os importes refírense a cada cota de Conexión e aboaranse por unha sola vez.

TARIFA V: UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA.

a) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termino fixo 0,002205 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros, é dicir, 0,002205 (Ø^2) euros/contador/mes (Para contadores de ata 13 mm. A cota de alugamento será de 0,3726 euros/contador/mes)

b) Adquisición:

Contador de 13mm.....	39,2220 euros
Contador de 15mm.....	43,3210 euros
Contador de 20mm.....	52,7869 euros

Contador de 25mm.....	90,8730euros
Contador de 30mm.....	127,0660euros
Contador de 40mm.....	196,7654euros
Contador de 50mm.....	436,5091euros
Contador de 65mm.....	540,3820 euros
Caixa de rexistro, unidade.....	12,8436 euros

A totalidade das tarifas, previstas no presente artigo, non inclúen a cota tributaria, que resulte de aplicación á operación, en concepto do Imposto sobre valor engadido (IVE).

Artigo 8.- Cota tributaria

A fixación ou determinación da cota tributaria deducirase a través da aplicación das seguintes regras:

- a) Prestación de servizos incluídos na tarifa II do artigo 7. A cota tributaria será resultado de aplicar á base impoñible a correspondente tarifa unitaria,
- b) En todos os demais supostos, que dean orixe a exacción da taxa, a cota tributaria será coincidente coa tarifa prevista no citado artigo 7 da presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 9.- Devengo

Devéngase a taxa e, en consecuencia, nace a obriga de contribuir no momento de solicitar a prestación do servizo ou desde que se utilice o mesmo sen estar debidamente autorizado

Artigo 10.- Normas de Xestión

1. A xestión, liquidación e recadación da taxa realizarase conforme á Lei Xeral Tributaria e restante normativa tributaria de aplicación, correspondendo ó Concello de Vilaboa.

Resultando tales funcións de responsabilidade da entidade concesionaria do servizo no momento en que se adxudique tal contrato, debendo desenvolverse de conformidade ó establecido no prego de cláusulas administrativas rector de tal contratación e o Regulamento do servizo, constituindo a súa retribución".

2. Os padróns fiscais desta taxa serán obxecto de aprobación por resolución da Alcaldía e posterior remisión a Xunta de Goberno Local para coñecemento.

3.A Xunta de Goberno Local tomará acordo previo á apertura de expedientes de cobranza por vía de constrinximento, no caso en que fose procedente.

Artigo 11.- Cobro da taxa

I. O Concello ou a entidade concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de todos os contadores de medida dos usuarios do servizo no

transcurso do período impositivo. Para tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos aforos dos beneficiarios do servizo realizarase de tal forma que permita a comparación de consumos dun período de 60 días.

2. O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do bimestre natural seguinte á de lectura e comprobación.de consumos.

3. O cobro dos recibos poderase facer:

a) En metálico, ben nas oficinas do concesionario do Servizo Municipal de Augas ben nas oficinas das entidades bancarias colaboradoras.

b) Ou mediante domiciliación bancaria.

4. O cobro das cotas realizarase bimestralmente, e como máximo en seis liquidacións en cada exercicio, sen que sexa necesaria a notificación das cotas que se deriven da declaración de alta.

5. A falta de cobro en período voluntario de dous recibos de períodos consecutivos, será entendida como unha baixa voluntaria do servizo, producindo efectos no seguinte período impositivo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación a, ambos inclusive.

3.A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día de unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2010 producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.